

A D.O. Ribeira Sacra celebra o terceiro Día Movemento Viño D.O. nun catamarán polo río Sil

O **sábado, 11 de maio, ás 13.30 h.** terá lugar o terceiro Día Movemento Viño D.O. no que se celebra un brinde simultáneo e colectivo polo viño con Denominación de Orixe. Miles de persoas participarán desde distintos puntos de España brindando cos viños da súa zona. Nesta terceira edición cóntase con récord de participación ao celebrar o brinde conxunto 29 Denominacións de Orixe.

A **D.O. Ribeira Sacra darase cita nun catamarán polo río Sil** contando con adegueiros, membros do Consello Regulador, representantes das diferentes administracións, prensa etc. O catamarán sairá pasadas as 13.00 h. do embarcadoiro de Santo Estevo para gozar das paisaxes e os viñedos da D.O. Para o brinde colectivo contarase con **maridaxe e a música en directo de Ad Heyra Liti**.

O **Día Movemento Viño D.O.** reivindica o viño con Denominación de Orixe e está especialmente **dedicado aos mozos**, para que se acheguen a descubrir o viño con D.O. nunha contorna de consumo. Nesta terceira edición servirá ademais, para **reivindicar o papel que desempeñan as Denominacións de Orixe nas zonas rurais**, tanto desde o punto de vista socioeconómico, como desde o ambiental e cultural, contribuíndo a revitalizar e dinamizar os recursos culturais e como elemento de promoción do patrimonio histórico-artístico a través do turismo ligado ás DDOO.

As **redes sociais** xogarán un papel importante durante este día. Aqueles usuarios que compartan as súas fotografías brindando ou gozando desta xornada co hashtag **#BrindisMVDO** entrarán no sorteo de packs de viño con D.O. Co hashtag **#DíaMovimientoVinoDO** poderase seguir todo o que aconteza nesta emocionante xornada.

O **DÍA MOVIMIENTO VIÑO D.O.** está promovido pola **Conferencia Española de Consellos Reguladores Vitivinícolas (CECRV)**, a asociación sen ánimo de lucro que representa ás Denominacións de Orixe de viño de España.